



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2023/8
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, VENRES 30 DE XUÑO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da o secretaria que subscribe, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

SOFIA LOPEZ SIMON

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.-Aprobación da Acta da sesión anterior

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.-Dar conta decretos de delegación, nomeamentos e Xunta de Goberno Local

A Secretaria pon en coñecemento ao Pleno dos Decretos de Alcaldía de data 29 de xuño de delegación de competencias da Alcaldía en concelleiros/as, nomeamentos de Tenentes de Alcalde e integrantes, e réxime de sesión da Xunta de Goberno Local.

O pleno queda informado.

3.-Dar conta formación grupos políticos municipais.

A Secretaria pon en coñecemento ao Pleno da presentación dos escritos de formación de grupos políticos municipais por:

PSOE. Voceiro D Santiago Toba, Suplente Dna Olalla Benlloch



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

PP: Voceira Dna Sandra Vilela, suplente Dna Sofía López
IxM: Voceiro D Javier Sar, suplente Dna Aurelia Picallo
Mixto (Art 74LALG) Voceira Dna M^a Mercé Barrientos (BNG)
O pleno queda enterado.

4.-Periodicidade sesións Plenarias

A secretaria manifesta que na Proposta de Alcaldía hai un erro ao recoller que as sesións se celebrarán o penúltimo xoves de cada mes impar, pois así non se cumpriría co período mínimo de celebración de sesións establecido na LALG, e que a proposta correcta refírese á celebración dos Plenos o terceiro xoves de cada mes impar.

Sen producirse debate e por unanimidade o Pleno acorda aprobar o réxime de celebración de sesións ordinarias do Pleno da seguinte maneira:

-Celebrarase o terceiro xoves de cada mes impar ás 20,30h.

Se o día mencionado coincidise con festivo, celebrarase sesión o día inmediato hábil anterior.

A primeira sesión ordinaria do Pleno será o xoves 20 de xullo.

5.-Proposta asistencia a órganos colexiados

A Secretaria manifesta que todos os grupos teñen copia da Proposta de Alcaldía neste punto.
O Sr. Alcalde explica que non se propoñe subida nas asistencias.

Sen producirse debate, o Pleno, cos votos a favor do grupo municipal do PSOE (5), PP(3) e IxM (2), e a abstención do grupo Mixto (1), acorda aprobar a proposta neste punto, que se recolle a continuación:

60€ por asistencia a Plenos e Xunta de Goberno Local

50€ por asistencia a Comisións informativas

30€ por asistencia a órganos colexiados.

6.-Proposta representantes en órganos colexiados

A Secretaria manifesta que todos os grupos teñen copia da Proposta de Alcaldía neste punto, e que se recolle a continuación:

1.-Consello escolar Ceip de Muxia, Consello escolar Ceip de Os Muiños e e Consello escolar Ceip de Vialrmide

Titular: : Dna Olalla Benlloch.

Suplente: D Santiago Toba



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

2.-Consello escolar IES “Ramón Caamaño” de Muxía:

Titular : D Santiago Toba

Suplente: Dna Olalla Benloch.

3.- Mancomunidade de Fisterra:

Titular: D Santiago Toba

Titular: D Javier Romar

Suplente: D Felipe Vilela

4.- G. D. R.

Titular: D Santiago Toba

Suplente: D Javier Romar

5.- G.A.C.:

Titular: D Santiago Toba

Suplente: D Javier Romar

6.- Consorcio Galego de Servicios Sociais:

Titular: Dna Patricia Dominguez

Suplente: Dna Olalla Benloch.

7.- Comisión de Patrimonio:

Titular: D Santiago Toba

Suplente: D Javier Romar

Inicia o debate o voceiro do grupo municipal IxMuxia, D Javier Sar: “ Gustaríanos estar como representantes nalgún deses órganos”

Dna Merce Barrientos intervé: En calquera estrutura democrática e cun goberno en minoría todos debemos estar presentes, e non nos parece ben que só haxa cinco persoas como representantes.”

Sometida a proposta a votación, queda aprobada polos votos a favor do grupo municipal PSOE (5) e do PP (3), e a abstención dos integrantes do grupo municipal IxM (2) e mixto (1).

7.-Proposta sobre dedicación exclusiva de Alcaldía

A secretaria le a Proposta de Alcaldía neste punto que se recolle a continuación:

Recoñecer a dedicación exclusiva a D.Santiago M. Toba Campaña, para o desenvolvemento das funcións do cargo de Alcalde deste Concello, con dereito a unha retribución bruta anual, pagadeira en 14 mensualidade por importe de 42.420€, con efectos económicos desde o día 1 de xullo de 2023.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

-Dar de alta con efectos de 1 de xullo de 2023 no Réxime Xeral da S. Social a D. Santiago M. Toba Campaña, asumindo o Concello o pagamento das cuotas empresariais que correspondan.

O Sr Alcalde intervén: “ Proponse dedicación exclusiva dun alcalde que está dispoñible e dedicado ao Concello os 365 días do ano. O importe proposto non se modifica respecto ao anterior mandato, e sería o Alcalde cunha menor retribución da Costa da Morte, pois o de Coristanco cobrará 47700€, Laracha 46000, Dumbriá 46000, etc”

Intervén a continuación Dna Sandra Vilela, voceira do grupo municipal do PP: “ Imos proponse que o asunto quede sobre a mesa, que se negocie e se volva a traer a pleno. Estamos de acordo en que o Alcalde teña un soldo, pero se se está en minoría é importante chegar a acordo sobre a retribución, deben ser retribucións consensuadas.”

O/a voceiro/a do grupo municipal IxM e Mixto (BNG) están de de acordo co exposto por Dna Sandra Vilela.

O Alcalde contesta: “ A miña interpretación é que ao non acadar un goberno alternativo a Iago Toba buscan outras formas. Se non é un problema de cantidade, que non parece, debe ser un problema de egos.”

Sometida a proposta de deixar sobre a Mesa o asunto, queda aprobada polos votos a favor do grupo municipal do PP, IxMuxía e Mixto, e os votos en contra do grupo municipal do PSOE.

De acordo co establecido no art 92 do ROF, o asunto queda sobre a Mesa, e non se vota a Proposta de Alcaldía ao respecto.

8.-Proposta dedicación exclusiva da Concellería delegada de Cultura, Educación e Igualdade

A Secretaria dá lectura á Proposta de Alcaldía neste punto que se recolle a continuación:

Recoñecer o exercicio en dedicación exclusiva do cargo de concellería delegada de Cultura, Educación e Igualdade para o desenvolvemento das tarefas propias doseu cargo, con dereito a unha retribución bruta anual de 25.200€ pagadeira en 14 mensualidades, con efectos económicos desde o día 1 de xullo de 2023.

-Dar de alta con efectos de 1 de xullo de 2023 no Réxime Xeral da S. Social, asumindo o Concello o pago das cuotas empresariais que correspondan.

-Declarar a compatibilidade do exercicio da actividade privada no seu caso que realizara fóra do horario dedicado ao Concello, entendendo que non impida nin menoscabe o cumprimento das tarefas propias da concellería delegada, considerandoa como actividade marxinal.

O Sr Alcalde explica: “ Ata agora a concelleira de cultura ven facendo a súa función sen remuneración algunha, por compromiso co pobo e agradézollo. É un traballo laborioso organizar eventos incluso en fins de semana . Creo que debería ter retribución pola dedicación exclusiva. O importe que se propoñe se se compara con outros concellos é pequeno. En Zas é de 40000€, en Coristanco 36000, etc.”



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Intervén a voceira do PP, Dna Sandra Vilela: "Cando unha persoa se mete en política municipal e sobre todo nun Concello pequeno como este, ten un compromiso e non creo que nadie o faga polos 50€ de asistencia, e queremos dicir que para esos traballos que dis facer no grupo popular estamos a disposición para o que necesite en calquer evento, na organización de calquera cousa, e elo porque temos compromiso con Muxía."

Intervén seguidamente Dna Merce Barrientos: "Os do BNG asinamos unha carta financeira pola que renunciamos ás asistencias a plenos e comisións e se ceden ao partido. Eu diferencio un cargo dun traballo e no meu caso, presidindo durante 12 anos unha federación deportiva, sen remuneración, o compromiso está máis que probado."

O Sr Alcalde manifesta: "Non hai argumentos nin polo PP nin BNG, e se ímos a unha negociación con estes argumentos teño dúbidas. ¿Qué diferenza hai entre concelleiros. Por que en Zas no BNG teñen retribucións e o de Muxía ten que ser compromiso?. Neste concello de Muxía, no seu día o BNG, en coalición co PSOE, esixiu unha concellería remunerada e contrataron a unha persoa."

D. Javier Sar, voceiro de IxM intervén: "Non tiñamos que ter estes problemas se vostede gobernase ben e colaborara coa oposición. Aconséllolle que se reúna coa oposición e se poña de acordo cos asuntos que traia a Pleno. Proponemos deixar este asunto sobre a Mesa."

O Alcalde resposta: "Se o problema é a falta de comunicación con vostedes, este erro non se volverá a cometer".

Sometida a proposta de deixar sobre a Mesa o asunto, queda aprobada polos votos a favor do grupo municipal do PSOE e IxMuxía, e os votos en contra do grupo municipal do PP e Mixto. De acordo co establecido no art 92 do ROF, o asunto queda sobre a mesa, sen proceder á votación da Proposta de Alcaldía.

9.-Proposta dedicación exclusiva da Concellería delegada de Obras, Medio Rural e Parroquias.

A Secretaria da lectura á Proposta de Alcaldía neste punto recollida a continuación:

Recoñecer o exercicio en dedicación exclusiva do cargo de concellería delegada de Obras, Medio Rural e Parroquias, para o desenvolvemento das tarefas propias do seu cargo, con dereito a unha retribución bruta anual de 25.200€ pagadeira en 14 mensualidades, con efectos económicos desde o día 1 de xullo de 2023.

-Dar de alta con efectos de 1 de xullo de 2023 no Réxime Xeral da S. Social, asumindo o Concello o pago das cotas empresariais que correspondan.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

-Declarar a compatibilidade do exercicio da actividade privada no seu caso que realizara fóra do horario dedicado ao Concello, entendendo que non impida nin menoscabe o cumprimento das tarefas propias da concellería delegada, considerandoa como actividade marxinal.

O Sr Alcalde propoñe deixar este punto sobre a Mesa, como nos casos anteriores.

Sometido a proposta de deixar sobre a Mesa o asunto, queda aprobada polos votos a favor do grupo municipal do PSOE e IxMuxía , e os votos en contra do grupo municipal PP e Mixto.

De acordo co establecido no art 92 do ROF, o asunto queda sobre a Mesa, sen proceder á votación da Proposta de Alcaldía.

10- Proposta creación Comisións Informativas

A Secretaria dá lectura á proposta de Alcaldía neste punto que a continuación se recolle:

Creación das seguintes Comisións Informativas:

-Comisión de Contas-Facenda

-Comisión Xeral-Control

-Comisión de Urbanismo

A proposición de representación dos grupos políticos nelas será:

3 PSOE

2 PP

1 Ix Muxía

1 BNG (Mixto)

Sen debate e por unanimidade, o Pleno aproba a mencionada Proposta.

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña